



## GUIÓN LITÚRXICO - PRIMEIRO DE MAIO DE 2020

### Monición de entrada

Celebramos hoxe o Primeiro de Maio, día internacional do traballo e festa de san Xosé Obreiro. Lembramos nesta celebración a quen traballan e quen non traballan, a quen teñen un traballo digno e a quen só atopan traballos precarios, a quen teñen dereitos á seguridade social, á sanidade e á vivenda por ter un traballo decente e a quen non teñen ningún destes dereitos. Lembramos que o traballo decente é a pedra angular dunha sociedade xusta.

### ACTO PENITENCIAL

Sacerdote:

Como a S. Xosé, tamén se nos pide traballar na custodia de quen sofren e padecen. Nun intre de silencio, pedimos ao Señor o seu perdón por non desempeñar ben a nosa función de velar.

- Por non recoñecer os dereitos e dignidade das vítimas da exclusión e do descarte. SEÑOR, TEN PIEDADE.
- Pola nosa falta de implicación para que desapareza a precariedade laboral, a brecha salarial de xénero, o traballo forzoso, as formas contemporáneas de escravitude e a trata de persoas. CRISTO, TEN PIEDADE.
- Por non ser testemuñas vivas da túa xustiza no traballo e fóra del, SEÑOR, TEN PIEDADE.

Sacerdote: Deus todopoderoso teña misericordia de nós, perdoe...

### Monición para a primeira lectura:

Saulo era un traballador incansable contra o Reino de Deus e a súa xustiza. Con todo, camiñando cara a Damasco cámbialle a vida.

### Primeira Lectura:

Feit 9,1-20: *É un instrumento elixido por min para dar a coñecer o meu nome aos pobos.*

Saulo, respirando aínda ameazas e morte contra os discípulos do Señor, presentouse ó Sumo Sacerdote e pediulle cartas para as sinagogas de Damasco, a fin de que, se encontraba algúns que fosen deste novo camiño, tanto homes coma mulleres, os puidese levar presos a Xerusalén.

De camiño, cerca xa de Damasco, aconteceu que, de súpeto, unha luz do ceo o envolveu co seu fulgor. Caeu no chan e sentiu unha voz que lle dicía:

-Saúl, Saúl, ¿por que me persegues?





El preguntou:

-¿Quen es ti, Señor?

Contestoulle:

-Eu son Xesús a quen ti persegues. Pero érgete, entra na cidade, e xa se che dirá o que tes que facer.

Os compañeiros de viaxe quedaron parados, estantíos: sentían a voz, mais non vían ninguén. Saulo ergueuse do chan, pero, malia te-los ollos abertos, non vía nadiña. Levárono pola man, introducírono en Damasco. Alí botou tres días sen ver, sen comer e sen beber.

Había en Damasco un discípulo, chamado Ananías, e o Señor díxolle nunha visión:

-Ananías!

El respondeu:

-Aquí estou, Señor.

O Señor volveulle falar:

-Vai á rúa Dereita, e procura na casa de Xudas a un home chamado Saulo de Tarso, que está orando. (En visión, viu Saulo a un home chamado Ananías entrar e impoñerlle as mans para que recobrase a vista).

Ananías respondeu:

-Señor, teño oído falar moito dese home e do mal que lles ten feito ós teus santos en Xerusalén. E aquí ten poderes dos xefes dos sacerdotes, para prender a tódolos que invocan o teu nome.

Pero o Señor díxolle:

-Vai, que ese home é un instrumento escollido por min, para leva-lo meu nome diante dos pagáns, dos seus reis e mais dos israelitas. Heille mostra-lo que ten que sufrir polo meu nome!

Entón Ananías, poñéndose en camiño, entrou na casa, e impoñéndolle as mans, díxolle:

-Irmán Saulo, quen me manda é o Señor Xesús, que se che apareceu cando viñas polo camiño, para que recóbre-la vista e te enchas do Espírito Santo.

No instante, repeláronlle dos ollos como unhas escamas e recuperou a vista; ergueuse, e bautizouse. Despois comeu e volvéronlle as forzas.

Pasou algúns días cos discípulos de Damasco, e axiña comezou a predicar a Xesús nas sinagogas, proclamando que era o Fillo de Deus.

[Sal 116,1.2: Ide ao mundo enteiro e proclamade o Evanxeo.](#)

Loade ao Señor, todas as nacións, aclamádeo, todos os pobos. Firme é a súa misericordia connosco, a súa fidelidade dura por sempre.

[Monición ao Evanxeo:](#)

A eucaristía é sacramento dunha forma de vivir en comunidade, onde nos dámos todos. Somos Igrexa, cos seus diferentes carismas e místicas e un mesmo espírito: levar a Boa Nova e a súa xustiza, ao mundo do traballo





Xn 6,52-59: A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida.

Discutían entón entre eles os xudeus:

-¿Como pode este darnos a come-la súa carne?

Díxolles entón Xesús:

-Con toda verdade volo aseguro: se non coméde-la carne do Fillo do Home e non bebéde-lo seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Así coma o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non coma o que comeron os pais que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.

Dixo estas cousas ensinando na sinagoga, en Cafarnaúm.

## PRECES

Elevemos as nosas súplicas ao Señor, que envía a súa xustiza a toda a humanidade:

*Dáanos vida coa túa xustiza, Señor. Acolle a nosa súplica*

Pola nosa Igrexa diocesana que, pola predicación do Evanxeo coa nosa vida, promovendo un traballo decente nela, levemos a salvación de Xesucristo ao mundo dos traballadores e traballadoras.

*Respondemos: Dáanos vida coa túa xustiza Señor. Acolle a nosa súplica*

Pai celestial, que alimentas ás aves do ceo e engalanas a herba do campo, dá a toda a humanidade o pan de cada día e o pan espiritual. Creador de todas as cousas, que nos encomendaches a túa obra, concede a todas as persoas gozar dignamente do froito do seu traballo.

*Respondemos. Dáanos vida coa túa xustiza, Señor. Acolle a nosa súplica*

Por todas aquelas persoas que están a sufrir a exclusión, o paro, a inxustiza, a precariedade laboral e a explotación no seu traballo, para que atopen eco as súas xustas reivindicacións entre quen gobernan, e sintan a nosa solidariedade.

*Respondemos: Dáanos vida coa túa xustiza Señor. Acolle a nosa súplica*

Polas persoas inmigrantes, que chegan até nós buscando vida e traballo, para que neles, nas súas familias, recoñezamos o rostro de Cristo, e eles vexan en nós unha Igrexa samaritana disposta á hospitalidade.

*Respondemos: Dáanos vida coa túa xustiza Señor. Acolle a nosa súplica*

Polos dirixentes sindicais, e empresariais, para que a través do dialogo logren puntos de encontro nas súas negociacións, e así o mundo do traballo teña máis posibilidade de vivir en dignidade.

*Respondemos: Dáanos vida coa túa xustiza Señor. Acolle a nosa súplica*





Por todos os cristiáns, para que co noso testemuño coherente e o noso compromiso sigamos anunciando a Xesucristo como a mellor proposta de realización humana. Ensínanos a traballar con dilixencia neste mundo, buscando sempre a túa xustiza

*Respondemos. Dáanos vida coa túa xustiza, Señor. Acolle a nosa súplica*

Deus de toda xustiza, que queres a nosa santidade, concede propicio a quen carecen dun traballo decente por medio do teu Fillo, con María, a súa nai, e San Xosé, que, pola intercesión de San Xosé, percorramos o noso camiño promovendo a xustiza e o traballo digno.

*Respondemos. Dáanos vida coa túa xustiza, Señor. Acolle a nosa súplica*

Por todas as persoas que ao longo do ano morreron en accidentes laborais, tamén por cantos faleceron vítimas do coronavirus, para que poidan gozar da vida eterna que nos ofreceu Xesús. Polas súas familias, para que en nós atopen proximidade e consolo e sexamos capaces de transmitirllle a nosa proximidade e fraternidade.

*Respondemos: Dáanos vida coa túa xustiza Señor. Acolle a nosa súplica*

Oración. Lembra, Pai universal, a obra das túas mans. *Fai que sirvamos, en quen padecen, ao corpo místico de Cristo.*

Ti que elixiches ao xusto Xosé para que alimentase ao teu Fillo na infancia e na mocidade, *dá a todas as persoas traballo, pan e unha condición de vida digna.*

## ACCIÓN DE GRAZAS

San Xosé, pai de Cristo,  
anxo bo do Señor,  
amparo fuches e paraugas  
de Xesús, do mesmo Deus.

Esposo fiel de María,  
ben protexiches esa flor,  
santa foi a túa compañía,  
grande, moi grande o teu amor.

Es exemplo de pai,  
dos fillos protector,  
de orfos e desvalidos  
es gardián e señor.

Carpinteiro nazareno,  
do obreiros patrón,  
dá traballo aos parados,  
pon no traballo amor.

Pai e amigo próximo,  
escoita a nosa oración:  
non nos deixes da túa man  
até atoparnos con Deus.

Reúnenos sempre no teu abrazo,  
acios de comunión,  
unha cadea fraterna  
e un arco da vella de amor.

(Poeta: Marcos Mateo)

